



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís

Expediente: 2025000033961

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIONES CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FO215: PROGRAMA DE SUBVENCIONES A FUNDACIONES, ENTIDADES PRIVADAS SEN FINS DE LUCRO TITULARES DE MUSEOS, CENTROS DE INTERPRETACIÓN OU BIBLIOTECAS E ENTIDADES CON FUNCIÓN DE REPRESENTACIÓN SECTORIAL E COLECTIVA DAS PERSOAS E/OU ENTIDADES DOS ÁMBITOS PROFESIONAIS E AMADORES DA CULTURA GALEGA PARA REALIZAR ACTIVIDADES CULTURAIS DURANTE O ANO 2026**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Primeiro.-Mediante resolución da Presidencia número 8995 do 6 de marzo de 2026, que foi publicada no BOP do 11 de marzo de 2026, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria FO215: Programa de subvencións a fundacións, entidades privadas sen fins de lucro titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e entidades con función de representación sectorial e colectiva das persoas e/ou entidades dos ámbitos profesionais e amadores da cultura galega para realizar actividades culturais durante o ano 2026, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión provisional no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Segundo.-Durante este prazo presentaron reformulación da subvención, alegacións e emendas de erros as seguintes entidades:

1.-A entidade Fundación Luis Tilve (expediente 2025000055692) presenta reformulación da solicitude. Inadmitir a solicitude de reformulación de acordo co artigo 17 da Ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP o 29 de setembro de 2025.

2.-As entidades que se relacionan a continuación presentaron alegacións que se desestiman, polos motivos que se indican:

| <b>Expediente/Entidade</b>                                                        | <b>Alegacións</b>                                                                                                                   | <b>Motivos desestimación</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|-----------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Fundación Gonzalo Torrente Ballester<br>Expediente 2025000054594                  | A entidade solicita revisión da puntuación da comisión técnica e presenta nova documentación                                        | A concesión das subvencións realízase mediante un réxime de concorrencia competitiva. Nesta fase do procedemento non se pode valorar a nova documentación.<br>A comisión técnica informou sobre as alegacións, con data do 17 de abril de 2026, concluíndo que o proxecto ten unha valoración adecuada polo que non se modifica a puntuación.                                                                              |
| Fundación Brandomil<br>Expediente 2025000055986                                   | A entidade solicita revisión da puntuación directa dos perfís propios en redes sociais e revisión da puntuación da comisión técnica | A unidade xestora revisa a documentación presentada na solicitude. Das 4 redes sociais presentadas, dúas non se valoran por non estar actualizadas.<br>A comisión técnica informou sobre as alegacións, con data do 17 de abril de 2026, concluíndo que o proxecto ten unha valoración adecuada polo que non se modifica a puntuación.                                                                                     |
| Asociación coordinadora galega de festivais de cinema<br>Expediente 2025000056023 | A entidade solicita revisión da puntuación da comisión técnica e a reformulación da proxecto                                        | Inadmitir a solicitude de reformulación de acordo co artigo 17 da Ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP o 29 de setembro de 2025.<br>A comisión técnica informou sobre as alegacións, con data do 17 de abril de 2026, concluíndo que o proxecto ten unha valoración adecuada polo que non se modifica a puntuación.                                                                                             |
| Real e Insigne Colegiata de A Coruña<br>Expediente 2025000056707                  | A entidade achega nova documentación                                                                                                | De acordo co artigo 14 da Ordenanza xeral de subvencións (BOP do 29 de setembro de 2025): <i>"Unha vez rematado o prazo de solicitude, no se admitirán modificacións que impliquen cambio en ningún criterio valorable ou supoñan un cambio de obxecto."</i><br>A concesión das subvencións realízase mediante un réxime de concorrencia competitiva. Nesta fase do procedemento non se pode valorar a nova documentación. |

| <b>Expediente/Entidade</b>                      | <b>Alegacións</b>                                                                                      | <b>Motivos desestimación</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|-------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Asociación Corujazz<br>Expediente 2025000051603 | A entidade presenta listado de persoas asociadas e solicita reconducir a solicitude a o programa FO203 | A entidade no momento da presentar a solicitude non acredita o requisito de contar cun mínimo de 25 persoas socias.<br>A concesión das subvencións realízase mediante un réxime de concorrencia competitiva. Polo que a solicitude non se pode cambiar a outro programa que ten o prazo de solicitude rematado. |

3.-As entidades que se relacionan a continuación presentaron alegacións que se estiman, polos motivos que se indican:

-Fundación Eugenio Granell (expediente 2025000055667).

A entidade solicita revisión da valoración directa do apartado colaboración socio-cultural e impacto no territorio e revisión puntuación da comisión técnica.

A unidade xestora revisa a documentación presentada na solicitude, e procede a modificar a puntuación neste apartado e puntúase 4 puntos as cartas de colaboración. Hai unha carta que non se valora porque é unha entidade pública.

O expediente remítese a comisión técnica, que informa con data do 17 de abril de 2026, que se incrementa a puntuación en 2,33 puntos no apartado traxectoria da entidade solicitante.

Procédese a rectificar a puntuación total; acada 79 puntos. Esta puntuación non modifica o importe concedido segundo os tramos establecidos en función da puntuación obtida.

-Fundación Paideia (expediente 2025000055973).

A entidade solicita revisión da valoración directa do apartado Soporte de difusión.

A unidade xestora revisa a documentación presentada na solicitude, procede a modificar a puntuación da páxina web, polo que se outorga 2 puntos. A entidade presenta na memoria da solicitude enlaces web de 3 páxinas web, 2 delas estaban actualizadas e en lingua galega. As novas redes sociais non se valoran porque nesta fase do procedemento non se pode valorar a nova documentación.

O expediente remítese a comisión técnica, que informa con data do 17 de abril de 2026, que se incrementa a puntuación en 3 puntos no apartado traxectoria da entidade solicitante.

Procédese a rectificar a puntuación total; acada 42,33 puntos, polo que se propón conceder o importe correspondente segundo os tramos establecidos en función da puntuación obtida.

-Asociación de actores y actrices de Galicia (expediente 2025000056908).

A entidade solicita revisión da puntuación da comisión técnica.

O expediente remítese a comisión técnica, que informa con data do 17 de abril de 2026, que se incrementa a puntuación en 6 puntos no apartado interese do proxecto.

Procédese a rectificar a puntuación total; acada 75 puntos, polo que se propón conceder o importe correspondente segundo os tramos establecidos en función da puntuación obtida.

Vistos o informe do Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís e o informe do Servizo de Fiscalización.

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.**-Inadmitir a solicitude reformulación da entidade que figura no antecedente segundo no punto 1.

**Segundo.**-Desestimar as alegacións presentadas polas entidades citadas no antecedente segundo no punto 2.

**Terceiro.**-Estimar as alegacións presentadas polas entidades citadas no antecedente segundo no punto 3.

**Cuarto.**- Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FO215: Programa de subvencións a fundacións, entidades privadas sen fins de lucro titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e entidades con función de representación sectorial e colectiva das persoas e/ou entidades dos ámbitos profesionais e amadores da cultura galega para realizar actividades culturais durante o ano 2026, ás entidades sen ánimo de lucro seguintes:

#### **- A. Entidades representativas dos diferentes sectores profesionais e amadores da cultura galega.**

| Solicitudes                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Importe subvención | Coeficiente | Orzamento subvencionado que se ha xustificar |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------|----------------------------------------------|
| <b>Beneficiario:</b> ACADEMIA GALEGA DE TEATRO<br><b>NIF:</b> G70539747<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000053903<br><b>Obxecto:</b> Programa 2026 de actividades da Academia Galega do Teatro                                                                                                                                                                                        | 5.500,00           | 0,8000      | 6.875,00                                     |
| <b>Beneficiario:</b> ASOC. GALEGA ANTROPOLOXIA SOCIAL E CULTURAL<br><b>NIF:</b> G15430820<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055507<br><b>Obxecto:</b> SEMINARIOS SOBRE ANTROPOLOXÍA E INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA. Ciclo formativo eminentemente práctico, que ofrece novas ferramentas para aplicar no traballo etnográfico para facer fronte aos novos retos das sociedades actuais. | 8.608,00           | 0,8000      | 10.760,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL<br><b>NIF:</b> G15844145<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056158<br><b>Obxecto:</b> X Edición dos Premios María Luz Morales de Ensaio e Videoensaio sobre Audiovisual e IV Edición do Foro da Industria Galega do Audiovisual (FIGA)                                                                                 | 15.500,00          | 0,2963      | 52.311,85                                    |

| Solicitudes                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Importe subvención | Coeficiente | Orzamento subvencionado que se ha xustificar |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------|----------------------------------------------|
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION CLUSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO<br><b>NIF:</b> G15891260<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055335<br><b>Obxecto:</b> I+P, ideas para producir 2026.                                                                                                                                                                    | 20.500,00          | 0,5668      | 36.167,96                                    |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION COORDINADORA GALEGA DE FESTIVAIS DE CINEMA<br><b>NIF:</b> G70560107<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056023<br><b>Obxecto:</b> Plan de Actividades 2026 da Asociación Proxecta. Coordinadora Galega de Festivais de Cinema                                                                                          | 5.500,00           | 0,8000      | 6.875,00                                     |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION DE ACTORES E ACTRICES DE GALICIA<br><b>NIF:</b> G15089410<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056908<br><b>Obxecto:</b> 30 Premios de Teatro María Casares e gastos xerais                                                                                                                                             | 20.500,00          | 0,2948      | 69.538,67                                    |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA<br><b>NIF:</b> G15039936<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000054751<br><b>Obxecto:</b> Proxecto de actividades da AELG na provincia da Coruña para o ano 2026                                                                                                              | 25.500,00          | 0,5873      | 43.419,04                                    |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION DE MEDIOS EN GALEGO<br><b>NIF:</b> G70377643<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000057079<br><b>Obxecto:</b> Fortalecer os medios de comunicación en lingua galega como axentes culturais activos, produtores de contidos, referentes simbólicos e elementos clave para a cohesión social e a normalización lingüística. | 15.500,00          | 0,8000      | 19.375,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION DE PROFESIONAIS DE CIRCO DE GALICIA<br><b>NIF:</b> G70315320<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056215<br><b>Obxecto:</b> Actividades APCG 2026                                                                                                                                                                       | 9.775,00           | 0,4957      | 19.719,59                                    |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION GALEGA DE ARTESANOS<br><b>NIF:</b> G15128275<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055557<br><b>Obxecto:</b> Organización e desenvolvemento de talleres de demostración dos oficios artesanís                                                                                                                            | 10.500,00          | 0,8000      | 13.125,00                                    |

| Solicitudes                                                                                                                                                                                                                                                                                      | Importe subvención | Coeficiente | Orzamento subvencionado que se ha xustificar |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------|----------------------------------------------|
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION GALEGA DE EDITORAS<br><b>NIF:</b> G15130594<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000052585<br><b>Obxecto:</b> Premios Follas Novas do libro galego 2026 e accións de posta en valor do sistema editorial galego das nosas letras en 2026                                     | 15.500,00          | 0,8000      | 19.375,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCENICAS<br><b>NIF:</b> G15834773<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000057055<br><b>Obxecto:</b> Proxecto de actividades Escena Galega de dinamización profesional e sectorial 2026.                                                         | 15.500,00          | 0,7599      | 20.397,42                                    |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS<br><b>NIF:</b> G36998045<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056630<br><b>Obxecto:</b> V Xornada de formación industria musical e II premios da industria música de Galicia                                                                  | 10.500,00          | 0,5990      | 17.529,22                                    |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION GALEGA DE PRODUCTORAS INDEPENDENTES<br><b>NIF:</b> G15507239<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000054211<br><b>Obxecto:</b> Programa de Actividades AGAPI 2026                                                                                                            | 15.500,00          | 0,8000      | 19.375,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACION (IGA)<br><b>NIF:</b> G15744105<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056166<br><b>Obxecto:</b> Proxecto de actividades da AGPI para o ano 2026.                                                                                      | 5.500,00           | 0,7999      | 6.875,86                                     |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION GALEGA DE PROFESIONAIS DA XESTION CULTURAL<br><b>NIF:</b> G27393263<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000054560<br><b>Obxecto:</b> O papel da xestión cultural no fortalecemento da cultura: ciclo expandido e II edición dos Premios do Castro á Xestión Cultural Galega | 7.360,00           | 0,8000      | 9.200,00                                     |

| Solicitudes                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | Importe subvención | Coeficiente | Orzamento subvencionado que se ha xustificar |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------|----------------------------------------------|
| <b>Beneficiario:</b> DAG. ASOCIACION GALEGA DE DESEÑO<br><b>NIF:</b> G70062278<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056551<br><b>Obxecto:</b> Catalogación pezas de deseño arquivo AR\DE, Produción Rexistro Sonoro (6 cap. podcast), Publicación e exposición 20 Aniversario DAG, Publicación LUGA                       | 10.500,00          | 0,8000      | 13.125,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> EMISORAS MUNICIPAIS GALEGAS<br><b>NIF:</b> G15211790<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000054479<br><b>Obxecto:</b> Radio e podcast. Cooperación e audio do futuro (Festival de podcast. Exposición. Música e cantos. Microtoponimia e unidade didáctica. Letras Galegas)                            | 20.500,00          | 0,7900      | 25.949,37                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FEDERACION CORAL GALEGA<br><b>NIF:</b> V36631042<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055036<br><b>Obxecto:</b> Programa formativo transversal enfocado na tecnificación vocal e a dixitalización do sector (Reels e redes sociais) para a dignificación e visibilización do canto coral en Galicia. | 10.500,00          | 0,8000      | 13.125,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FEDERACION GALEGA DE BANDAS DE MUSICA POPULARES<br><b>NIF:</b> G15110893<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000057139<br><b>Obxecto:</b> Iniciativas 2026 FGBMP para o fortalecemento integral das bandas de música populares: festival infantil e congreso bandístico                                | 20.500,00          | 0,5763      | 35.571,75                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FEDERACION TEATRAL AFECCIONADA DE GALICIA - FETEAGAL<br><b>NIF:</b> G42784447<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000054437<br><b>Obxecto:</b> IV Ciclo de Teatro Amador de FeteaGal (IV CITA)                                                                                                         | 5.500,00           | 0,8000      | 6.875,00                                     |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION CARLOS CASARES<br><b>NIF:</b> G36907244<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055741<br><b>Obxecto:</b> Literatura, cultura e humor. Actividades da Fundación Carlos Casares para 2026                                                                                                      | 7.560,00           | 0,4974      | 15.199,03                                    |

| Solicitudes                                                                                                                                                                                        | Importe subvención | Coeficiente | Orzamento subvencionado que se ha xustificar |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------|----------------------------------------------|
| <b>Beneficiario:</b> UNION INTERNACIONAL DE MARIONETISTAS DELEGACION GALICIA<br><b>NIF:</b> G36158459<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056979<br><b>Obxecto:</b> XIII Encontros titiriteiros de Galicia | 10.500,00          | 0,8000      | 13.125,00                                    |

Total modalidade: 292.803,00 €.

**- B. Fundacións e entidades privadas sen fins de lucro titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas.**

| Solicitudes                                                                                                                                                                                                                                                      | Importe subvención | Coeficiente | Orzamento subvencionado que se ha xustificar |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------|----------------------------------------------|
| <b>Beneficiario:</b> ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA<br><b>NIF:</b> R1500020A<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056907<br><b>Obxecto:</b> Reconstrución virtual do Clausto de Santa María a Real de Sar en época medieval                                        | 5.500,00           | 0,8000      | 6.875,00                                     |
| <b>Beneficiario:</b> ASOCIACION PATRONATO MUSEO ETNOGRAFICO DA CAPELA<br><b>NIF:</b> G15788631<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055108<br><b>Obxecto:</b> UN TEMPO PASADO 2026                                                                                        | 10.500,00          | 0,8000      | 13.125,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> CENTRO ESTUDIOS MELIDENSES-MUSEO TERRA MELIDE<br><b>NIF:</b> G15229982<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000052292<br><b>Obxecto:</b> Programa de actividades culturais do Museo da Terra de Melide para o ano 2026                                  | 10.500,00          | 0,8000      | 13.125,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FEDERACION LIBREROS DE GALICIA<br><b>NIF:</b> V15038458<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000053943<br><b>Obxecto:</b> Organización das Feiras do libro na provincia de A Coruña, nos concellos de Ferrol, Santiago de Compostela, Rianxo e A Coruña | 15.500,00          | 0,8000      | 19.375,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION 10 DE MARZO<br><b>NIF:</b> G15338080<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055455<br><b>Obxecto:</b> Actividades Fundación 10 de marzo ano 2026 (arquivo, exposicións, edición de libro, entrevistas e premios 10 de marzo)                 | 10.500,00          | 0,8000      | 13.125,00                                    |

| Solicitudes                                                                                                                                                                                                                                               | Importe subvención | Coeficiente | Orzamento subvencionado que se ha xustificar |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------|----------------------------------------------|
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION ARAGUANEY<br>PUENTE DE CULTURAS<br><b>NIF:</b> G15075229<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000051802<br><b>Obxecto:</b> Palestina: cinema e resistencia                                                                             | 5.500,00           | 0,6564      | 8.379,04                                     |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION BENEFICO<br>DOCENTE FERNANDO BLANCO<br><b>NIF:</b> G15290828<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000054962<br><b>Obxecto:</b> XIII Edición do Programa Educativo Cultural O Mes da Fundación                                          | 5.000,00           | 0,3900      | 12.820,51                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION BIBLIOTECA DE<br>LA CASA CONSULADO<br><b>NIF:</b> G15028160<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056198<br><b>Obxecto:</b> Catalogación de gravados e dixitalización, ciclos de conferencias e exposicións de fondos bibliográficos | 15.500,00          | 0,8000      | 19.375,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION CASTELAO<br><b>NIF:</b> G15099252<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055079<br><b>Obxecto:</b> Centenario da publicación de "cousas" de Castelao, divulgación e afianzamento documental da obra de Castelao                       | 10.500,00          | 0,7922      | 13.254,23                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION CATEDRAL DE<br>SANTIAGO DE COMPOSTELA<br><b>NIF:</b> G70178603<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055749<br><b>Obxecto:</b> Os tapices da catedral compostelá                                                                     | 10.500,00          | 0,8000      | 13.125,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION CENTRO<br>INTERNACIONAL DE LA ESTAMPA<br>CONTEMPORANEA<br><b>NIF:</b> G15600976<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055464<br><b>Obxecto:</b> Formación Gráfica e Territorio. 4 Cursos Anuais.                                     | 15.500,00          | 0,8000      | 19.375,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION COMPOSTELA<br>ARQUITECTURA<br><b>NIF:</b> G70290705<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056265<br><b>Obxecto:</b> Programa Compostelas conferencias e publicacións                                                                 | 10.500,00          | 0,8000      | 13.125,00                                    |

| Solicitudes                                                                                                                                                                                                                                                             | Importe subvención | Coeficiente | Orzamento subvencionado que se ha xustificar |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------|----------------------------------------------|
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION DARDO INSTITUTO DO DESEÑO E DAS ARTES CONTEMPORANEAS (DIDAC)<br><b>NIF:</b> G70514906<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056625<br><b>Obxecto:</b> Programación Fundación DIDAC 2026 / Proxecto Arteria Galicia                                 | 20.500,00          | 0,8000      | 25.625,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION EUGENIO GRANELL<br><b>NIF:</b> G15520422<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055667<br><b>Obxecto:</b> Actividades culturais fundación Eugenio Granell 2026                                                                                      | 20.500,00          | 0,7000      | 29.285,71                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION GALIZA SEMPRE<br><b>NIF:</b> G15702913<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056196<br><b>Obxecto:</b> Actividade 2026 - Efemérides da Galiza e 180 aniversario da Revolución Galega de 1846                                                       | 20.500,00          | 0,8000      | 25.625,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION LUIS SEOANE<br><b>NIF:</b> G15568199<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000057018<br><b>Obxecto:</b> Exposicións da Fundación Luis Seoane para o ano 2026                                                                                          | 15.500,00          | 0,8000      | 19.375,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION LUIS TILVE<br><b>NIF:</b> G15169949<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055692<br><b>Obxecto:</b> Proxecto de recuperación, catalogación, conservación e difusión do Patrimonio Histórico Documental do movemento obreiro galego para o ano 2026 | 15.500,00          | 0,8000      | 19.375,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION MANUEL MARIA DE ESTUDOS GALEGOS<br><b>NIF:</b> G70109376<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055103<br><b>Obxecto:</b> Actividade cultural para a difusión da obra e a figura de Manuel María                                                    | 25.500,00          | 0,7933      | 32.144,21                                    |

| Solicitudes                                                                                                                                                                                                                                                                                               | Importe subvención | Coeficiente | Orzamento subvencionado que se ha xustificar |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|-------------|----------------------------------------------|
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION MONCHO REBOIRAS PARA O ESTUDO E A DIVULGACION DA REALIDADE SOCIAL E SINDICAL NA GALIZA<br><b>NIF:</b> G15938632<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056590<br><b>Obxecto:</b> Centro de documentación do sindicalismo nacionalista galego-Catalogación e dixitalización            | 15.500,00          | 0,7000      | 22.142,86                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION MUSEO ARTES GRABADO ESTAMPA DIGITAL<br><b>NIF:</b> G15798168<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055608<br><b>Obxecto:</b> Rexistro, inventario e catalogación de fondos - Obradoiros de gravado - Mantemento coleccións museográficas - Publicidade e propaganda - Exposicións    | 15.500,00          | 0,8000      | 19.375,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION OLGA GALLEGO<br><b>NIF:</b> G70402698<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056400<br><b>Obxecto:</b> Desenvolvemento de tres proxectos editoriais nos ámbitos da investigación e difusión do patrimonio cultural de Galicia.                                                        | 9.146,88           | 0,8000      | 11.433,60                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION PAIDEIA GALIZA<br><b>NIF:</b> G15798655<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055973<br><b>Obxecto:</b> Concurso de bandas emerxentes: Sonidos Mans Salas                                                                                                                            | 5.500,00           | 0,5999      | 9.168,19                                     |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION PAZOS CUCHILLO DE PAZOS<br><b>NIF:</b> G66891185<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056574<br><b>Obxecto:</b> Exposición Artedición e encontro literario                                                                                                                          | 5.000,00           | 0,8000      | 6.250,00                                     |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION REDE INNOVACION AROUSA<br><b>NIF:</b> G70531116<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000057135<br><b>Obxecto:</b> O proxecto consiste na exposición Vivir o deseño e no seu programa público, que se desenvolverán en Casa RIA (Santiago de Compostela) entre febreiro e maio de 2026. | 10.500,00          | 0,3848      | 27.286,90                                    |

| Solicitudes                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Importe subvención | Coefficiente | Orzamento subvencionado que se ha xustificar |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|--------------|----------------------------------------------|
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION ROGELIO GROBA<br><b>NIF:</b> G36433712<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055965<br><b>Obxecto:</b> V Noites na Cidade Vella. Ciclo de concertos                                                                                                                                                                                       | 15.500,00          | 0,5034       | 30.790,62                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION ROSALIA DE CASTRO<br><b>NIF:</b> G15040850<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000054961<br><b>Obxecto:</b> Actividades da Casa-Museo de Rosalía de Castro 2025                                                                                                                                                                            | 25.500,00          | 0,8000       | 31.875,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> FUNDACION TERRA E TEMPO DE ESTUDOS NACIONALISTAS<br><b>NIF:</b> G15947450<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055192<br><b>Obxecto:</b> Edición de 1 número da revista en papel "Terra e Tempo": traballo sobre as mulleres da UPG no nacionalismo galego; catalogación de 1.000 documentos e actualización da web de consulta do arquivo dixital | 8.092,00           | 0,7000       | 11.560,00                                    |
| <b>Beneficiario:</b> MUSEO ETNOGRAFICO MONTE CAXADO<br><b>NIF:</b> G70453535<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000048930<br><b>Obxecto:</b> Actividades culturais do muso etnográfico Monte Caxado                                                                                                                                                                      | 10.500,00          | 0,8000       | 13.125,00                                    |

Total modalidade: 364.238,88 €.

Total concedido: 657.041,88 €.

**Quinto.-** Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

**Sexto.-** Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

**Sétimo.-** Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3341/481, por importe de: 657.041,88 €

Anular o saldo sobrannte no documento contable A e no correspondente RC, por economía na concesión das subvencións

**Oitavo.-** Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FO215: Programa de subvencións a fundacións, entidades privadas sen fins de lucro titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e entidades con función de representación sectorial e colectiva das persoas e/ou entidades dos ámbitos profesionais e amadores da cultura galega para realizar actividades culturais durante o ano 2026, ás entidades sen ánimo de lucro seguintes:

| Solicitudes                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | Motivo                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Solicitante:</b> ASOC CORUJAZZ<br><b>NIF:</b> G22871073<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000051603<br><b>Obxecto:</b> Actividades musicais na Coruña: concertos, jam sessions e obradoiros                                                                                                                                                                    | De acordo co artigo 5.2 da Ordenanza xeral, para poder participar na convocatoria, as entidades deberán contar cun mínimo de 25 persoas socias e por ter presentada a solicitude nunha convocatoria incorrecta. Polo tipo de entidade debe presentarse no programa FO203. |
| <b>Solicitante:</b> ASOC CULTURAL CINEMATOGRAFICA DE GALICIA FICBUEU<br><b>NIF:</b> G94146362<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056496<br><b>Obxecto:</b> Cinema Circulante 2026                                                                                                                                                                               | De acordo co artigo 5.2 da Ordenanza xeral, para poder participar na convocatoria, as entidades deberán contar cun mínimo de 25 persoas socias e por ter presentada a solicitude nunha convocatoria incorrecta. Polo tipo de entidade debe presentarse no programa FO203. |
| <b>Solicitante:</b> FUNDACION BRANDOMIL<br><b>NIF:</b> G70564265<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055986<br><b>Obxecto:</b> Unidade didáctica sobre o Brandomil Romano; análises de restos de escavación arqueolóxicas; estudo de vehículos con estación de aforo, páxina web en inglés                                                                       | Non acadar a puntuación mínima                                                                                                                                                                                                                                            |
| <b>Solicitante:</b> FUNDACION CONCHITA BERNARDEZ<br><b>NIF:</b> G72983323<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000055925<br><b>Obxecto:</b> Obradoiros de divulgación histórico cultural sobre o Camiño de Santiago                                                                                                                                                  | Non acadar a puntuación mínima                                                                                                                                                                                                                                            |
| <b>Solicitante:</b> FUNDACION EDUARDO PONDAL<br><b>NIF:</b> G70262951<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056234<br><b>Obxecto:</b> Congreso internacional sobre graneiros elevados tradicionais                                                                                                                                                                 | Non acadar a puntuación mínima                                                                                                                                                                                                                                            |
| <b>Solicitante:</b> FUNDACION GONZALO TORRENTE BALLESTER<br><b>NIF:</b> G15702939<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000054594<br><b>Obxecto:</b> Traducción al gallego e inglés de la obra "Compostela" de GTB, exposición "Xurxo Lobato, fotografía la Compostela de GTB", ordenación y digitalización de los archivos y perfeccionamiento de la web de la FGTB. | Non acadar a puntuación mínima                                                                                                                                                                                                                                            |

| Solicitudes                                                                                                                                                                                                                          | Motivo                         |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------|
| <b>Solicitante:</b> FUNDACION RICARDO PEREZ Y VERDES<br><b>NIF:</b> G70382916<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000053899<br><b>Obxecto:</b> Actividades culturais e monográficas 2026                                                        | Non acadar a puntuación mínima |
| <b>Solicitante:</b> REAL E INSIGNE COLEGIATA DE A CORUÑA<br><b>NIF:</b> R1500251B<br><b>Cod. Exp.:</b> 2025000056707<br><b>Obxecto:</b> Visitas guiadas a Colexiata de Santa María do Campo de A Coruña e ao seu Museo da Arte Sacra | Non acadar a puntuación mínima |

**Noveno.-** Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.